

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA (SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE) E A FEDERACIÓN
GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA O IMPULSO
DA REDE DE ENTIDADES LOCAIS EN CONTRA DA VIOLENCIA DE
XÉNERO E PARA PROMOVER A CONSTITUCIÓN OU ACTIVACIÓN DAS
MESAS LOCAIS DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A
VIOLENCIA DE XÉNERO**

Santiago, 15 de novembro de 2017

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Dona Susana López Abella, Secretaria xeral da Igualdade, que actúa en nome e representación desta Secretaría, segundo o Decreto 199/2011, do 20 de outubro, polo que se dispón o seu nomeamento, e o Decreto 312/1999, do 11 de novembro, polo que se refunde a normativa existente en materia de muller, ademais do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 215/2010, do 16 de decembro.

DOUTRA: Don Alfredo L. García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, actuando en nome e representación desta en virtude do establecido no artigo 46 punto primeiro letra d) dos seus Estatutos e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

MANIFESTAN

- I. Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

- II. Que a Federación Galega de Municipios e Provincias é o organismo de representación das entidades locais de Galicia, composta polos 313 concellos, as catro deputacións provincias e as nove entidades menores, segundo o recoñecemento expreso da Disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, e conta coa capacidade de constituír servizos de asesoramento, asistencia para os seus membros, así como de organizar e participar en reunións, seminarios, congresos ou xornadas de estudio e orientación

- III.- Que os dereitos e principios relativos á igualdade, seguridade, liberdade integridade e dignidade de todos os seres humanos están amplamente consensuados pola Orde Xurídica Internacional.

IV.- Que o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

V.- Que a violencia que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres constitúe a mais clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvimento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

VI.- Que compete aos poderes públicos a loita para a prevención e erradicación de todas estas manifestacións de violencia, coa obriga de articular medidas de sensibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadás nun estado democrático.

VII.- Que resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero sendo as entidades locais un dos actores principais na loita contra a violencia machista pola súa proximidade á cidadanía.

VIII.- Que a Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, establece que "o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia na materia obxecto desta Lei".

Por todo o indicado, as partes que interveñen e na representación que ostentan,

ACORDAN

Primeiro

O obxecto do presente Acordo é **impulsar a rede de entidades locais en contra da violencia de xénero**, constituída en 2012 e configurada como un instrumento que buscar o rexacemento social e institucional da violencia de xénero, sensibilizando á poboación e conseguindo a súa implicación e compromiso real contra esta lacra, fomentando ao mesmo tempo modelos alternativos de convivencia baseados no respeito e na igualdade, así como **promover a constitución e/ou a activación das Mesas Locais de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero (MLC)**, como mecanismo útil de harmonización da totalidade de axentes e entidades implicadas na erradicación da violencia de xénero e na atención das vítimas.



Segundo



A Federación Galega de Municipios e Provincias, a través da rede de entidades locais contra a violencia de xénero, e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia colaborarán na consecución dos seguintes obxectivos:


- Promover e apoiar proxectos de prevención da violencia de xénero e detección precoz de situacóns de risco.
- Mobilizar e implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero, fomentando unha actitude crítica, solidaria e comprometida fronte a situacóns de maltrato.

- Fomentar o trato igualitario entre mulleres e homes
- Conseguir a tolerancia cero coas persoas agresoras

Terceiro

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e as entidades locais que integren a rede en contra da violencia de xénero, de cara a conseguir unha maior efectividade dos recursos utilizados, procurarán desenvolver convxuntamente accións de:

Sensibilización e prevención: Ao obxecto de contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre a mocidade, desenvolveranse acción de carácter pedagóxico, educativo, social e lúdico que contribúan a espertar a análise crítica, solidaria e comprometida na poboación, e a previr comportamentos violentos.



A estos efectos, as **campañas institucionais** que se deseñen co gallo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero ou calquera outra campaña da Xunta de Galicia relativa á prevención e loita contra a violencia de xénero, serán **cedidas cando así o soliciten e sen custo algúin**, a calquera das entidades locais integrantes da rede contra a violencia de xénero.

Información: Favoreceranse todas as vías de informacións sobre os recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia e xénero e realizarase, a través de todos os medios dispoñibles, a máxima difusión dos mesmos entre a poboación de todas as entidades integrantes da rede de entidades locais en contra da violencia de xénero.

Formación: Ao obxecto de sensibilizar e capacitar tanto a profesionais como a persoal político municipal que dun xeito directo ou indirecto traballan na prevención e no tratamento da violencia de xénero e na atención ás vítimas desta violencia, deseñarase e poranse en marcha, accións formativas específicamente dirixidas ao tratamento e erradicación da violencia de xénero.

Asistencia ás vítimas: A través das e dos profesionais quer integren a rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, poranse a disposición das mulleres vítimas desta violencia que así o precisen, diferentes programas de asistencia e apoio, atención social, xurídica e psicolóxica, ferramentas para autoprotección e apoio aos menores expostos a situacións de violencia se xénero, entre outras.

Para garantir a efectividade das medidas sinaladas e de cara a potenciar as diferentes canles de información existentes, a rede de entidades locais contra a violencia de xénero e a Secretaría Xeral da Igualdade porán en marcha **un espazo virtual de intercambio de información, experiencias e boas prácticas**, entre todas as entidades integrantes da rede, que sirva como plataforma aglutinadora de experiencias e proxectos xeradores de coñecemento e bo facer para entidades e profesionais.

Cuarto

A Secretaría Xeral da Igualdade establecerá nas súas convocatorias públicas dirixidas ás entidades locais de Galicia, **puntuación suplementaria para aquellas que integren a rede contra a violencia de xénero e/ou teñan constituído ou formen parte dunha Mesa Local de Coordinación Institucional contra a Violencia de Xénero (MLC),**



Quinto

A Federación Galega de Municipios e Provincias comprométese a difundir, promover e potenciar o contido deste Protocolo entre todas as entidades locais de Galicia para a súa adhesión ao mesmo (Anexo I).

Sexto

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios designarán ás persoas que realizarán o seguimento deste Protocolo de colaboración.

Sétimo

O presente Protocolo producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, e prorrogarase tacitamente salvo que medie denuncia expresa dalgunha das partes.

De conformidade con todo o anterior, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

A SECRETARIA XERAL DA
IGUALDADE



Susana López Abella

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN
GALEGA DE MUNICIPIOS E
PROVINCIAS



Alfredo García Rodríguez


MODELO DE ACORDO DE ADHESIÓN

ANEXO I

DOCUMENTO DE ADHESIÓN AO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A TRAVÉS DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE, E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA O IMPULSO DA REDE DE ENTIDADES LOCAIS EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO E PARA PROMOVER A CONSTITUCIÓN OU ACTIVACIÓN DAS MESAS LOCAIS DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Don/dona _____, en nome e representación do Concello de _____/da entidade Local _____. Manifesta a adhesión do Concello de _____/da entidade Local _____, á Rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, así como a aceptación dos compromisos establecidos no Protocolo arriba citado.

En _____, a _____ de 201 _____



galicia